

ACTA DE RESOLUCIÓN DO CONCURSO DE POSTAIS DE NADAL DO CONCELLO DA BAÑA

Na Baña, a 12 de decembro de 2025, ás 11:00 h, reúnese o xurado designado para valorar as obras presentadas para o Concurso de Postais de Nadal do Concello da Baña.

1. COMPOSICIÓN DO XURADO

Membros do xurado:

- Antón González Pérez, auxiliar administrativo.
- Ainhoa Barreiro Fuentes, técnica de Normalización Lingüística.
- María Cousillas Ramos, educadora social.

Acreditada a presenza dos membros necesarios, o xurado queda legalmente constituído para avaliar e resolver.

2. OBRAS PRESENTADAS

O total de postais presentadas ao concurso foi de **124**, nas seguintes categorías:

- Categoría 1, nenas e nenos nados entre 2020 e 2022: [38]
- Categoría 2, nenas en nenos nados entre 2017 e 2019: [34]
- Categoría 3, nenas e nenos nados entre 2014 e 2016: [39]
- Categoría 4, nenas e nenos nados a partir do 2013: [13]

Todas as obras cumpren cos requisitos establecidos nas bases da convocatoria.

3. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

As postais foron avaliadas atendendo aos seguintes criterios e asignándoselle a cada un deles unha puntuación de 1 a 5 puntos:

- Orixinalidade
- Adecuación á temática
- Técnica plástica
- Calidade lingüística
- Valoración de conxunto

4. DELIBERACIÓN E FALLO

Tras proceder á valoración individual e conxunta das obras, o xurado acorda por maioría outorgar os seguintes premios:

1.^a CATEGORÍA

- Saínza C. Fajín

2.^a CATEGORÍA

- Carlota Amarelle

3.^a CATEGORÍA

- Valentina García Fadeville

4.^a CATEGORÍA

- Paula Mourelle Porteiro

5. PUBLICACIÓN DO FALLO

O resultado farase público o día 15 de decembro nos taboleiros informativos e nos medios oficiais da entidade convocante. A data de votación establécese para o 12 de decembro, por ser o día no que o xurado pode proceder á súa avaliación conforme ao calendario previsto.

Pola súa banda, a entrega de premios terá lugar o 14 de decembro, co obxectivo de organizar adecuadamente o acto e garantir a participación das persoas asistentes. Finalmente, a publicación oficial na Sede electrónica, o día 15 de decembro, realízase de acordo cos prazos administrativos requiridos, asegurando a transparencia e a difusión pública dos resultados do concurso.

6. PECHE DA SESIÓN

Ao non existir máis asuntos que tratar, levántase a presente acta, que é asinada polos membros do xurado en sinal de conformidade.

Asinado:

- Antón González Pérez, auxiliar administrativo.
- Ainhoa Barreiro Fuentes, técnica de Normalización Lingüística.
- María Cousillas Ramos, educadora social.

